

Concello de Ponteareas

RESOLUCIÓN

-Visto que con data 14 de outubro de 2019, por Providencia de Alcaldía, considerouse conveniente efectuar a convocatoria e concesión de subvencións municipais dirixidas ás Entidades Sociais do Concello de Ponteareas para o ano 2019.

-Visto que se emitíu informe de Intervención sobre a existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión de devanditas subvencións e efectuouse a pertinente retención do crédito dispoñible.

-Visto que por Resolución de Alcaldía número 2019-3560 de data 17 de outubro de 2019, aprobouse a convocatoria para a concesión de devanditas subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva.

-Visto que no BOPPO núm. 205, de data 24 de outubro foi publicado o extracto da convocatoria adquirindo plena eficacia e abríndose o prazo de presentación de solicitudes que concluía en data 8 de novembro de 2019.

-Visto que xa figuran no expediente os certificados das obrigas tributarias.

-Vista a documentación requerida e dando por subsanados os requisitos e documentación obligatoria necesaria para completar as solicitudes da subvención municipal dirixida as Entidades sociais do Concello de Ponteareas para o ano 2019.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Desestimar as solicitudes da concesión formulada polos solicitantes que figuran a continuación, polos motivos que así mesmo se indican:

1- ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CÁNCER.

Non xustificar a inscrición no Rexistro de Asociacións de Galicia.

2.-CRUZ ROJA ESPAÑOLA

Non xustificar a inscrición no Rexistro de Asociacións de Galicia.

3.- FAMILIAS AZÚIS

Non xustificar a inscrición no RUEPPSS

SEGUNDO: Conceder a Subvención municipal dirixida ás Entidades Sociais do Concello de Ponteareas para o ano 2019 as solicitudes que figuran a continuación, polo importe que se indica e según o baremo da tabla anexa:

NOME DA ASOCIACIÓN	CIF	Primer Importe Concedido
Asociación de persoas con discapacidade das comarcas do condado e paradanta	G36453728	3.274,47€



Concello de Ponteareas

Cogami	G36704195	2.686,33€
Dar Máis	G36897247	2.607,75€
Asociación familiares de alzheimer y otras demencias de galicia	G36776920	1.431,45€

TERCEIRO. Notificar a resolución aos solicitantes, tal como se establece na convocatoria.

CUARTO.-Trasladar este acordo os departamentos de Intervención e Tesourería.

QUINTO.- Ordenar a publicación da concesión das subvencións na sede electrónica do Concello de Ponteareas, <http://ponteareas.sedelectronica.gal> e na páxina Web: www.ponteareas.gal

RECURSOS.- Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados, ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou e no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da súa notificación, ao abeiro do establecido nos artigos 112.1 e 123 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de un mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo trascurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da Lei 39/2015, poidendo entón os interesados interponer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consorte ó establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, regulamentadora da xurisdicción contenciosa administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez
(Documento asinado electronicamente)